

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN CULTURAL LUARADA PARA A ORGANIZACIÓN DA 30 EDICIÓN DO OURENSE FILM FESTIVAL, OUFF

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou coa Asociación Cultural Luarada o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Asociación Cultural Luarada para a organización da 30 edición do Ourense Film Festival (OUFF), que se celebra entre o 26 de setembro e o 5 de outubro de 2025.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades de promoción do turismo, e para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.



Segundo.- Que a Asociación Cultural Luarada é unha entidade sen ánimo de lucro e con personalidade xurídica propia e plena capacidade para obrar, podendo realizar en consecuencia todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento da finalidade para a que foi creada, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico e cuxos Estatutos sinalan como fins fundacionais os de centrarse na dinamización cultural, podendo organizar para tal fin festivais, mostras, exposicións, conferencias, obradoiros, xornadas didácticas ou a produción de diferentes contidos audiovisuais, musicais, etc.

O seu primeiro cometido foi impulsar o Festival Internacional de Curtametraxes de Comedia denominado Festival RiR, que se celebra durante a primeira semana de setembro na vila de Allariz (Ourense). O seu fin fundacional é o de centrarse na dinamización cultural, podendo organizar para tal fin: festivais, mostras, exposicións, conferencias, obradoiros, xornadas didácticas ou a produción de diferentes contidos audiovisuais ou musicais entre outros.

Terceiro.- O Ourense Film Festival (OUFF), é unha cita cultural de gran transcendencia e unha traxectoria de máis de vinte anos que situou o nome de Ourense no panorama cinematográfico nacional e internacional. Coa finalidade de estender o ámbito desde importante evento do audiovisual ao ámbito provincial, así como de potenciar o seu desenvolvemento, preténdese que a Asociación Cultural Luarada, asuma a organización do mesmo na edición de 2025.

Igualmente un dos obxectivos do OUFF é acoller ao audiovisual galego, con prioridade ao formato longametraxe pero sen descartar outros formatos, ata ser unha referencia de cara ao exterior, seguindo o modelo que actualmente posúe o festival de Málaga para o cine español, ou Sitges para o cine catalán.

Cuarto.- Conscientes de que un festival latexa se conecta coa sociedade que o acolle, OUFF aspira a consolidarse como unha festa cultural anual ao servizo da sociedade ourensá, tanto na capital como na provincia, ao tempo que transcender ao resto de Galicia, pois o festival pretende ser o escaparate de promoción e difusión do audiovisual propio, poñéndose ao servizo dos nosos profesionais.



Xunto cun programa de actividades variado e plural, no que as proxeccións en pantalla grande son a prioridade, ofrécese outras ofertas como corresponden a un festival desta categoría, no que ademais de estreos en exclusiva e con carácter mundial, haberá diferentes ciclos, encontros profesionais, OUFF Escola, exposicións, FAS Muvis, presentación de proxectos, homenaxes, OUFF Libros e publicacións serán as estrelas desta edición. O festival será tamén un ano máis o escaparate mundial de difusión e promoción do mellor cinema galego, cunha sección oficial propia, Panorama Galicia, poñéndose ao servizo dos seus profesionais e ofrecendo as estreos máis importantes do ano.

Sexto.- Finalmente, OUFF súmase á vontade da súa principal impulsora, a Deputación de Ourense, de facer do territorio provincial un atractivo plató audiovisual para acoller diferentes rodaxes, ao tempo con dúas finalidades: promocionar Ourense e dinamizala economicamente. Para iso, na edición desta ano promoverase a Sección oficial Curtametraxe, dentro desta sección poderanse ver curtametraxes galegas, nacionais e internacionais e o festival outorgará un premio específico á mellor curtametraxe galega, ademais do de mellor curtametraxe; así como Faíscas, unha convivencia de 4 equipos de 5 persoas cadanseu para que desenvolvan un proxecto previamente seleccionado entre tódolos recibidos durante o festival.

A 30ª edición do festival será, pois, unha edición cun programa amplo, variado e diverso, que achegue a cultura e o lecer asociado ao audiovisual, de xeito que ao tempo que interesa ao público en xeral, sexa un polo de encontro e de atracción para os creadores e os profesionais galegos.

Que a través deste convenio, outórgase á Asociación Cultural Luarada unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos



contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

